SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DIA 11 / OUTUBRO/ 2000

SUMARIO

1.- DECLARACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN PLENARIA

2.- MANIFESTACIÓN DE REPULSA POLO ATENTADO DE E.T.A. CON RESULTADO DE MORTE, DE D. LUIS PORTERO, FISCAL-XEFE DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTICIA DE ANDALUCIA.

Na Casa do Concello de Redondela, sendo as dezaoito horas e cincoenta e cinco minutos do **día once de outubro do ano dous mil**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, Acctal D. MANUEL JAVIER NÚÑEZ SALGADO, e a asistencia dos/as Sres/as Concelleiros/as: D. EMILIO GONZÁLEZ IGLESIAS, DONA. Mª DEL PILAR MARTÍNEZ GONZÁLEZ, DONA. Mª DEL CARMEN RODRÍGUEZ CUNHA, D. ALEJANDRO BASTOS FERNÁNDEZ, D. MANUEL IGLESIAS CARRERA, D. CARLOS GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Dª. Mª. DEL CARMEN RODRÍGUEZ RIVAS, D. MANUEL RAMÓN CONDE ROMERO, D. EMILIO SÁNCHEZ SANTORIO, D. JOSE LUIS ALONSO BASTOS, D. MANUEL PUENTES SAAVEDRA, D. LUIS MÍGUEZ BOULLOSA, D. XOSÉ CARLOS PAZOS DOCAMPO, D. XOSÉ LUIS GRANDE GRANDE e DONA. ÁNXELES GONZÁLEZ GÓMEZ, e asistindo o Sr. Interventor, D. MODESTO SOLLA SANZ, actuando como Secretario o titular da Corporación D. LUÍS TORRADO VÁZQUEZ, constitúese o Pleno do Concello, en sesión extraordinaria e urxente, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día remitida a tódolos Sres/as Concelleiros/as.

A Presidencia declara aberta a sesión en primeira convocatoria, procedéndose a trata-los puntos da Orde do Día.-

1.- DECLARACIÓN DE URXENCIA DA PRESENTE SESIÓN

Aberta a sesión pola Presidencia indícase que de conformidade co establecido nos artigos 46.2.b) da Lei 7/85 do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 11/99 do 21 de abril, 210.2.b) da Lei 5/97 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia e 79 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, faise preciso o pronunciamento do Pleno sobre a urxencia da convocatoria.

Apreciada ésta o Concello Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos/as Sres/as asistentes acordou ratifica-la urxencia da convocatoria.

Serie A N.º 1175925

EL NUMERADO
RPORACIÓNS
LOCAIS

2.-MANIFESTACIÓN DE REPULSA POLO ATENTADO DE E.T.A. CON RESULTADO DE MORTE, DE D. LUIS PORTERO, FISCAL-XEFE DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTICIA DE ANDALUCIA.

Pola Presidencia proponse a este Concello Pleno que se adopte acordo de condena e repulsa polo atentado terrorista de E.T.A. acaecidos en Andalucia, con resultado de morte de D. Luis Portero, Fiscal-Xefe do Tribunal Superior de Xusticia de Andalucia, así como expresar a condolencia desta Corporación ó referido Tribunal e especialmente ós familiares do falecido.

Este Concello Pleno, por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes acordou prestarlle a súa aprobación á proposta antes transcrita.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia dase por rematada a presente sesión, sendo as dezanove horas e vinte minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que, se extende a presente Acta, que se inscribiu no Libro dende a volta do folio dezaseis do Papel Timbrado da Comunidade Autónoma de Galicia, Serie A nº 1175924, ata o folio dezasete, Serie a nº 1175925, de todo o que, como Secretario, DOU FE.-

O ALCALDE, ACCTAL O SECRETARIO

Asdo: J. Manuel Núñez Salgado Asdo: Luís Torrado Vázquez